

## DESEÑO

O exame consta de tres preguntas compostas por comentario crítico e proposta. Poderán ser: dúas relativas a deseño gráfico e unha a deseño de obxectos-espazos ou dúas relativas a deseño de obxectos-espazos e unha a deseño gráfico. Deberá contestar **UNHA DAS TRES PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas da permitida, **só será corrixida a primeira respondida**. / *El examen consta de tres preguntas compuestas por comentario crítico y propuesta. Podrán ser: dos relativas a diseño gráfico y una a diseño de objetos-espacios o dos relativas a diseño de objetos-espacios y una a diseño gráfico. Deberá contestar **UNA DE LAS TRES PREGUNTAS**. Si responde más preguntas de la permitida, **solo será corregida la primera respondida**.*

**NOTA:** Permítese o uso da cor e a técnica ou técnicas gráficas que se consideren máis idóneas. No caderno de exame responderanse os apartados primeiros de cada pregunta, mentres que o deseño final proposto nos segundos apartados debe realizarse na folla DIN A-3 que se proporciona e que se introducirá dentro do caderno. O caderno usarase tamén para realizar os borradores e bosquejos. / *Se permite el uso del color y la técnica o técnicas gráficas que se consideren más idóneas. En el cuadernillo de examen se responderá a los apartados primeros de cada pregunta, mientras que el diseño final propuesto en los segundos apartados se realizará en la hoja DIN A-3 que se proporciona y que se introducirá dentro del cuadernillo. El cuadernillo se usará también para realizar los borradores y bocetos.*

**PREGUNTA 1. Resolva os dous apartados / Resuelva los dos apartados:**



**1.1. Análise e comentario crítico sobre o cartel da imaxe. / Análisis y comentario crítico sobre el cartel de la imagen. (3 puntos)**

**1.2. Partindo da análise e comentario crítico anteriores, faga a proposta de deseño dun cartel para O "FESTIVAL CELTICO, 2021", para celebrar no auditorio do Monte do Gozo en Santiago de Compostela o 31 de xullo. / Partiendo del análisis y comentario crítico anteriores, haga la propuesta de diseño de un cartel para el "FESTIVAL CELTICO, 2021", a celebrar en el auditorio del Monte do Gozo en Santiago de Compostela el 31 de julio. (7 puntos: bosquejos /bocetos 2, proposta/propuesta final 3, presentación 2)**

**Deseño de Luis Seoane:**

Cartel FESTIVAL CELTICO, 1964, celebrado en Buenos Aires. Litografía 110 x 54 cm

Fonte: Seoane, L. 1910-1979. Luis Seoane, obra cartelistica : [exposición celebrada en outubro-novembro 1998]. Fundación Luis Seoane, [1998]. pp.64-65.

**PREGUNTA 2. Resolva os dous apartados / Resuelva los dos apartados:**

**2.1. Análise e comentario crítico sobre a mesa da colección Autovía. Nas imaxes móstrase o deseño, caracterizado pola súa facilidade de armado, que lle permite á xente gozar ao montar o produto polos seus propios medios. / Análisis y comentario crítico sobre la mesa de la colección Autovía.** En las imágenes se muestra el diseño caracterizado por su facilidad de armado, que permite a la gente gozar al montar el producto por sus propios medios. (3 puntos)

**2.2. Partindo da análise e comentario crítico anteriores, faga unha proposta de deseño dunha cadeira para a mesa, que formaría parte da mesma colección. / Partiendo del análisis y comentario crítico anteriores, haga una propuesta de diseño de una silla para la mesa, que formaría parte de la misma colección. (7 puntos: bosquejos/bocetos 2, proposta/propuesta final 3, presentación 2)**



**Mobiliario,  
mesa colección Autovía para Hauspack.  
Deseño de Federico Churba**  
Finalista no apartado de Deseño industrial/produto da 5ª bienal Iberoamericana do deseño




Fontes: <http://www.catalogodiseno.com/wp-content/uploads/2016/06/federico-churba-autovia-hauspack-catalogodiseno-10.jpg>  
Catalogo 5ª bienal Iberoamericana do deseño, p. 168.

**PREGUNTA 3. Resolva os dous apartados / Resuelva los dos apartados:**

**3.1. Análise e comentario crítico sobre o deseño do cartel da imaxe, a súa composición e os elementos que o compoñen e configuran. / Análisis y comentario crítico sobre el diseño del cartel de la imagen, su composición y los elementos que la componen y configuran. (3 puntos)**

**3.2. Partindo da análise e comentario crítico anterior, propoña, coas técnicas que prefira, un cartel alternativo para a edición XXII, ano 2022, co mesmo tema “Creatividade, a mellor vacina”. / Partiendo del análisis y comentario crítico anterior, proponga, con las técnicas que prefiera, un cartel alternativo para la edición XXII, año 2022, con el mismo tema “Creatividad, la mejor vacuna”. (7 puntos: bosquejos /bocetos 2, proposta/propuesta final 3, presentación 2)**



Fonte imaxen: <https://www.premiosaspid.es/es/cartel/>

**Deseño de Jaime Gasset y Leonardo Rincón.**

Cartel gañador da XVI edición do concurso “Premios Aspid 2012 de Publicidad Iberoamericana de Salud y Farmacia”

Os Premios Aspid son un certame anual que se iniciou en España en 1997 co propósito de premiar a creatividade publicitaria tanto de produtos farmacéuticos, como a comunicación de servizos relacionados co ámbito da saúde e da sanidade en España. / Los Premios Aspid son un certamen anual que se inició en España en 1997 con el propósito de premiar la creatividad publicitaria tanto de productos farmacéuticos como la comunicación de servicios relacionados con el ámbito de la salud y de la sanidad en España.